

O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mellora da rúa Cañoteira, que enlaza a rúa do Tambre co Camiño dos Vilares na zona de Meixonfrío, é unha necesidade que debe ser incluída entre as prioridades da acción municipal para o vindeiro ano, porque se trata de darlle unha solución a unha situación de inseguridade vial e a unha mellora dos servizos que vén reclamando e padecendo a veciñanza desde hai tempo.

No anterior mandato redactouse un proxecto básico e de execución para esta obra que, por indicación da propia veciñanza foi modificado o ano pasado para adaptalo a unha demandas que se consideraban razoables e axeitadas. Entre elas, e como principal, a dirección única para ampliar a superficie das beiravías e facilitar o tránsito peonil.

A intención do anterior Goberno municipal era poder financiar o proxecto –que carecía dunha dotación orzamentaria específica- coas baixas producidas na adxudicación de tres obras incluídas na programación da Deputación Provincial.


O proxecto redactado –cun orzamento de 234.954 euros- contempla actuar sobre unha superficie de 1.240 m², coa creación dunha nova rúa, con pavimento de aglomerado de 4,5 de largo, sendas de formigón para camiñar polos lados de 1,5 metros cada unha, con bancos, papeleiras, arborado, muros de contención e nova sinalización, con redutores de velocidade. Tamén se prevé a dotación de pasos de peóns para conectar as dúas beiravías, a colocación da tubaxe para augas pluviais, traballos de drenaxe e a renovación da rede de abastecemento.

O prazo de execución previsto é de 4 semanas, polo que, contando coa previsión orzamentaria e axilizando os trámites de contratación a obra podería estar renovada e ao servizo da veciñanza na vindeira primavera.

Para iso é preciso, incluír a correspondente previsión orzamentaria e completar o proceso de contratación, razón pola que se presenta a adopción do seguinte **ACORDO**:

O Pleno insta ao Goberno municipal a incluír unha partida específica nos orzamentos do vindeiro ano 2016 que permita a licitación, contratación e o inicio das obras de urbanización da rúa Cañoteira, conforme ao proxecto modificado redactado no seu día, atendendo ás necesidades e demandas da veciñanza.

Santiago de Compostela, a 29 de outubro de 2015.



Agustín Hernández

Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela